

MPVA

Don José Villán Fuertes, Secretario do concello de Carballo (A Coruña)

CERTIFICO:

Que o Pleno Municipal, na sesión extraordinaria organizativa celebrada o 29 de xuño de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"6.- Réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación.

Primeiro.- Indemnización de membros da Corporación.

1.1.- Asistencia a sesións do Pleno:

Todos os concelleiros asistentes percibirán a cantidade fixa de 90 euros.

Pola realización desa función, ademais, os voceiros dos grupos municipais percibirán por asistencia ao Pleno a cantidade de 45 euros.

1.2.- Asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local:

Todos os concelleiros asistentes percibirán a cantidade fixa de 90 euros.

1.3.- Asistencias a sesións das Comisións Informativas:

Todos os concelleiros asistentes percibirán a cantidade fixa de 65 euros.

Pola realización desa función, ademais, os Presidentes da Comisión Informativa, ou os seus substitutos, percibirán 60 euros por cada Comisión Informativa que presidan.

1.4.- Asistencias a Mesas de Contratación:

Todos os concelleiros asistentes ás Mesas de Contratación percibirán a cantidade fixa de 40,00 € o Presidente e 36,00 € os vogais.

Segundo.- A porcentaxe a excluír das cantidades aprobadas por asistencias a órganos colexiados, será do 40 por cento, de acordo co disposto no artigo 17.2.b da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. "

E para que conste aos efectos oportunos expido o presente certificado, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en Carballo a trece de abril de dous mil dezaseis.

**Vº e Praxe
O Alcalde**

